

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1U4	<i>Expediente</i> CON/37/2016	<i>Fecha</i> 28-10-16 11:50

Número 20 .- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á adxudicación do contrato das obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de outubro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 20 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE IGUALDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL PARA CASA DA MULLER.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 20 de outubro de 2016, da concelleira delegada de Igualdade. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2016/647 de data 25.10.16

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Marta Lois González**, concelleira delegada de igualdade, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER" conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 4 de outubro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1U4	<i>Expediente</i> CON/37/2016	<i>Fecha</i> 28-10-16 11:50

Segundo: Con data 20 de outubro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL, por un importe de **92.240,10 euros** (IVE aparte 21%: 19.370,42 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 070 93304 62200 e as obras finalizaranse dentro deste ano 2016."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "**Obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER**", a favor da empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL, por un importe de **92.240,10 euros**, (IVE aparte 21%: 19.370,42 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de obras e proxectos.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 070 93304 62200 e as obras finalizaranse dentro deste ano 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE SANTIAGO